

ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCERTO, DOS TERREOS DA ONCE, SITUADOS ENTRE AS RÚAS DE LUÍS BRAILLE NÚM. 40, RÚA DE SANTA LUCÍA E CAMIÑO DAS ABILLEIRAS, EN DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU CON ORDENACIÓN DETALLADA E DE CONVENIO URBANÍSTICO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02/04/2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

(...) **Primeiro.-** Prestar aprobación definitiva ao instrumento de equidistribución denominado “Proxecto de equidistribución no ámbito da ONCE”, documento refundido de data marzo de 2019, redactado polos arquitectos don Eugenio Jiménez Passolas, don Gustavo Pérez Álvarez e don Amador Rey Camiño, que introduce as correccións de erros -aprobadas por Resolución do Director Xeral da ONCE do 27/03/2019 e referidas ás páxinas 36 e 51- do documento inicialmente aprobado en data 8/11/2018 pola Corporación de dereito público ONCE, como propietaria única dos terreos e para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono definido na Modificación puntual do PXOU, con ordenación detallada, do predio da súa propiedade sito en Campolongo, aprobada por Orde do Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia de data 16/02/2010, publicada no DOG núm. 41, de 2/03/2010, -normas urbanísticas inseridas no BOP núm. 60 do 30/03/2010- e en cumprimento das determinacións do convenio urbanístico “*Convenio de actualización y modificación del Convenio Urbanístico suscrito entre el Excmo Concello de Pontevedra y la ONCE el 13 de julio de 2006*”, asinado o 20/07/2018 entre o Excmo. Concello de Pontevedra e a amentada Corporación de dereito público.

Segundo.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas no procedemento e, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade, por conta da ONCE e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa expedida por este Concello, na que consten a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSG.

As parcelas de resultado que non sexan de cesión obrigatoria ao Concello quedarán gravadas e afectas, con carácter real, ao pagamento das cantidades que a cada unha correspondan na conta de liquidación provisional do proxecto polos gastos de urbanización do polígono e, no seu día, ao saldo definitivo da conta de liquidación definitiva, que deberá ser comunicada no seu día pola promotora, co correspondente certificado acreditativo da súa aprobación, tendo esta afección -que se fará constar expresamente no rexistro da propiedade mediante nota marxinal- a mesma preferencia e duración que a normativamente establecida para a conta do procedemento reparcelatorio.

Con anterioridade á inscrición, a ONCE, como promotora do proxecto de equidistribución, instará a actualización, no Catastro da titularidade e configuración das parcelas, por mor do reparcelamento aprobado.

Terceiro.- Facer constar expresamente, ao abeiro do disposto nos artigos 150.6 da LSG e 368.6 a) do RLSG, que a aprobación definitiva deste instrumento de equidistribución determina tamén a aprobación dos parcelamentos que se describen no seus anexos e que atinxen ao predio denominado “Parcela de orixe 2”, de titularidade municipal, de 3 601 m², do que se segrega un lote de 402 m², incluído no eido do polígono e que pasa constituír a parcela inicial 2, de titularidade municipal, quedando o resto de predio matriz con 3 199 m² e situada fóra do polígono; así como o parcelamento do predio titularidade da ONCE, exterior ao polígono e incluído na UA 25, “Parcela inicial número 4”, de 884,00 m², que se divide en virtude deste instrumento de equidistribución en dous lotes obxecto de cesión ao Concello: a Parcela 4A, de 688 m², exterior ao eido da área de reparto e incluída na Unidade de Actuación núm. 25 e que conserva a súa cualificación e destino a uso residencial extensivo; e a Parcela 4B, de 196 m², destinada a viario e de cesión anticipada por mor do convenio.

Os referidos parcelamentos autorízanse por medio do presente aos exclusivos efectos de diferenciar as porcións dos predios iniciais a equidistribuir, das restantes porcións de bordo situadas fóra do polígono e para declarar a concorrencia de diferentes cualificacións urbanísticas por mor da modificación puntual do planeamento aprobada.

Cuarto.- Incorporar de xeito diferenciado, consonte con este instrumento de equidistribución, as parcelas de resultado, de cesión gratuíta e obrigatoria, que de seguido se relacionan, -en pleno dominio e completamente libres de cargas e gravames- ao patrimonio municipal do solo e inventario de bens, con afectación aos usos previstos polo planeamento, sen contribución económica ou patrimonial ningunha deste Concello:



En compensación do 10 % do aproveitamento lucrativo que lle corresponde a este Concello, por exceder do susceptible de apropiación privada, así coma en virtude da propiedade da parcela inicial núm. 2 de 402 m²:

Parcela 4A, de 688 m², exterior ao eido da área de reparto e incluída na Unidade de Actuación núm. 25, de uso residencial extensivo.

Parcela 4B, de 196 m², de cesión anticipada en virtude do convenio ou simultánea á aprobación do presente instrumento de equidistribución, ao ser a parte afectada polo novo vial de apertura VI-I e que permite a súa completa urbanización.

Parcela número 5, de 5 455,00 m², exterior ao eido da equidistribución e incluída na unidade de actuación núm. 18, destinada a equipamento.

Un coeficiente do 11,17 % indiviso da parcela RI-1, equivalente a 170 m², para os usos que se definen na correspondente ficha (residencial libre e protexido, comercial, garaxe...).

Parcelas de resultado destinadas a zonas verdes e espazos libres:

Parcela de resultado EL-1: de 9 509,00 m².

Parcela de resultado EL-2: de 867,00 m².

Parcelas de resultado destinadas a viario e aparcadoiro:

Parcela de resultado VI-I: de 7 853,00 m².

Parcela de resultado VI-II: de 1 869,00 m².

A cesión dos terreos destinados a viais e zonas verdes-espazos libres entenderase sen prexuízo do dereito de ocupación para proceder á execución das obras de urbanización, unha vez firme en vía administrativa este acordo e logo de que se aprobe definitivamente o proxecto de urbanización, tendo que efectuarse a cesión e a entrega da urbanización nun prazo non superior a tres meses, contados desde a recepción definitiva pola propiedade, formalizándose esta en actas que subscribirán este Concello e a entidade propietaria.

Quinto.- Publicar anuncios do presente acordo no taboleiro de edictos, na páxina web, na sede electrónica municipal www.sede.pontevedra.gal, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificalo de xeito individual a todos os interesados no procedemento, con ofrecemento dos recursos procedentes e con comunicación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e á Xerencia Territorial do Catastro, aos oportunos efectos. (...)

Contra o acto que se notifica, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución, no prazo de 1 mes, contado desde o día seguinte ao da presente notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Pontevedra, 03 de abril de 2019

O concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local

Raimundo González Carballo

